



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 189/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto do Expediente: Selección e contratación de persoal de limpeza das instalacións das piscinas municipais

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Á vista das bases reguladoras aprobadas mediante resolución ditadas por esta Alcaldía , nº 2026-0173, relativo ao proceso de selección dunha persoa limpadora das instalación das piscinas municipais, mediante réxime laboral, por un período de dous meses, baixo a modalidade de circunstancias da produción.

Segundo.- Á vista do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 133, do 12 de xuño de 2026.

Terceiro.- Vista a acta do tribunal de selección de persoal para un posto de limpador/a das instalacións das piscinas municipais, segundo o cal, o resultado obtido polos candidatos foi o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	CONCURSO	OPOSICION	PUNTUACIÓN TOTAL
NOVO LOPEZ, DANIELA	***4359**	0,40	12,00	12,40

Cuarto.- De conformidade co artigo 21.1h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisións de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo adóptase a seguinte

Concello de As Nogais

C/ Rosalía de Castro, s/n, As Nogais. 27677 (Lugo). Tfno. 982364092. Fax: 982364150

DECRETO
Número: 2026-0198 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 65Y7LKDAWSEDMWTZNRGCPCTDAL
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





Vista a proposta de resolución PR/2026/137 de 29 de xuño de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 29 de xuño de 2026.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto a contratación do seguinte candidato: NOVO LOPEZ DANIELA, con DNI ***4659**.

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución á candidata proposta para a formalización de contrato.

CUARTO .- Formalizar os contratos de traballo na modalidade contractual de circunstancias da produción, regulada no artigo 15.2 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, de acordo coa modificación introducida polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

QUINTO.- Comprometer o gasto de 3.023,95 euros e imputalo as partidas 341.131 (2.208,07€) e 341.16000 (815,88 €) e dar traslado á Intervención municipal a efectos de fiscalizar a presente proposta, así como á Tesourería a efectos de realizar os asentos contables correspondentes.

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DECRETO
Número: 2026-0198 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 65Y7LKDAWSEDMWTZNRGCPCTDAL
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0198 Data: 29/06/2026

Cod. Validación: 65Y7LKD4WSEDMWTZNRGCPCTDAL
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

